



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de Administración electrónica

CONVOCATORIA: Curso superior de Administración electrónica

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

| | | | | | |
|-------------------------|----------------|-------------------|-----------|------------------|------|
| CUALIFICACIÓN: | APROVEITAMENTO | PLAN: | CONVENIO | HORAS: | 114 |
| ADMINISTRACIÓN: | AU LO UN ES XU | ESTADO: | CONVOCADO | ANO: | 2018 |
| MOD.IMPARTICIÓN: | MIXTO | TIPOLOXÍA: | SUPERIOR | EDICIÓNS: | 1 |

DATA MATRÍCULA: Do 27/09/2018 - 08:00h ao 04/10/2018 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso pretende afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas a Administración electrónica para que as persoas a que se dirixe adquiren ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito, completando a súa formación no dereito da informática.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia que se encadren nalguna das seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán cubrirse por persoal empregado público das devanditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

O curso estrutúrase nunha serie de contidos que pretenden profundar nos aspectos máis importantes da Administración electrónica dende unha tripla perspectiva: xurídica, técnica e práctica.

- A estrutura do curso é a seguinte:
- Réxime xurídico dunha administración dixital.
- Identidade dixital: identificación e sinatura dixitais.
- Sede electrónica e carpeta do cidadán.
- Sistema único de rexistro. Canles electrónicos e presenciais.
- Notificación electrónica.
- Interoperabilidade e seguridade. Impacto do Regulamento xeral de protección de datos.
- Cooperación interadministrativa. Instrumentos de coordinación no desenvolvemento da Administración electrónica. Iniciativas no marco europeo.
- Interoperabilidade de datos e documentos.
- Arquivo electrónico, documento electrónico e copia.
- Licitación e factura electrónicas.
- Atención á cidadanía. Transparencia e reutilización.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, de acordo cos criterios establecidos no punto 5 (persoas destinatarias) da convocatoria

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todas as persoas solicitantes deberán enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, achegando un certificado acreditativo da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes de persoal empregado público que non acompañen a devandita certificación ou a que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 4 de outubro de 2018.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTA

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 16/10/2018 a 27/11/2018

NUM. PRAZAS: 80

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 16 de outubro de 11:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 16 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 23 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 23 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 30 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 30 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 06 de novembro de 11:00 a 14:00. O día 06 de novembro de 16:00 a 19:00. O día 13 de novembro de 11:00 a 14:00. O día 13 de novembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA